

UN *filme* ESCRITO E DIRIXIDO POR
Simone Saibene

INSPIRADO NO LIBRO DE VIAXE DE *Ramón Otero Pedrayo*.

P E L E R I N A X E S

PROXECTO EDUCATIVO
CINELITERARIO

San Andrés
de Teixido

Lugo

Ourense

*A Santo Andrés de Teixido vai de morto
quen non foi de vivo.*

- Popular -

*Santo Andrés de Teixido:
a única peregrinación que nos queda aos galegos.*

Álvaro Cunqueiro,
"El chigre de Lorito",
en El pasajero en Galicia.

PELERINAXES I

por
RAMÓN OTERO PEDRAYO

Prólogo e ilustracións de VICENTE RISCO
(Itinerario d'Ourense ao San Andrés de Teixido)



Nós . VOLUME XXVIII
A CRUZA . 1929




R. OTERO
PEDRAYO

PELERINAXES I

PROXECTO
EDUCATIVO

PELERINAXES

CINELITERARIO



Fita, Ben-Cho-Shey, Vicente Risco e Otero Pedrayo en 1927. ©Fundación Penzol.



Pelerinaxes é un filme inspirado no libro “Pelerinaxes I” de Ramón Otero Pedrayo escrito e dirixido polo director italiano residente en Ourense Simone Saibene. A película fai o mesmo camiño que fixeron, en 1927, Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben-Cho-Shey, entre Ourense e Santo André de Teixido (Cedeira). Un camiño que comeza na Praza do Ferro da cidade de As Burgas e percorre diversas localidades das provincias de **Ourense, Lugo e A Coruña** (Vilamarín, Monterroso, Palas de Rei, Lugo, Rábade, Vilalba, As Pontes de García Rodríguez e Ortigueira, entre outros). Foi un 5 de xullo, **hai 90 anos**, cando Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben-Cho-Shey emprenderon esa viaxe desde Ourense cara a Santo André de Teixido.



Protagoniza a longametraxe a actriz lucense **Carmen Méndez**, que encarna a Luzía, unha investigadora licenciada en audiovisual que percorre as oito etapas do camiño entre Ourense e Santo André, para rematar un proxecto audiovisual iniciado na universidade sobre o libro de Otero Pedrayo xunto a un compañeiro, falecido anos atrás. *Pelerinaxes*, que se sitúa entre a ficción e o documental, alterna o traxecto realizado pola protagonista

con entrevistas a homes e mulleres, figuras do mundo cultural galego como **Laura Tato**, **Valentín Carrera**, **Patricia Arias Chachero**, **Susana Reboveda**, **Carme Fernández-Pérez Sanjulián**, **Pablo Gallego**, **Luis Martínez Risco** ou **Alberto Allegue**. Ademais da actriz Carmen Méndez, conforman tamén o reparto desta película **Xoel Yáñez**, **Alfonso Míguez**, **Ruth Sabucedo** e **Isabel Risco**. A última, neta de Vicente Risco, leu en Ortigueira o discurso que en 1927 lle foi negado ao seu avó, por ser considerado “home perigoso” durante a ditadura de Primo de Rivera.



A finalidade da película é dar a coñecer este camiño tan importante realizado polos pais da cultura galega, e facelo dunha forma máis actual e entretida. *Pelerinaxes* fai unha homenaxe a esa viaxe na busca da identidade galega, sobre o mesmo camiño de Ourense a Santo André de Teixido no día de hoxe e a través dos ollos dunha moza que investiga sobre o seu pasado. O documental, fai visible unha Galicia pouco coñecida e, ao mesmo tempo, pona en valor dende un punto de vista cultural e turístico.





SIPNOSIS DO FILME

Luzía percorre as oito etapas da 'pelerinaxe' que fixeron Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben-Cho-Shey a pé dende Ourense cara a Santo André de Teixido no 1927. A súa intención é rematar un proxecto audiovisual empezado na universidade sobre o libro de Otero Pedrayo, xunto a outro compañeiro morto nun accidente.



LIGAZÓNS DE INTERESE:

Tráiler *Pelerinaxes*:

<https://www.youtube.com/watch?v=biE4hADdXZs>

Facebook Noveolas Producciones:

www.facebook.com/noveolas



FICHA TÉCNICO ARTÍSTICA

TÍTULO ORIXINAL: PELERINAXES

DIRECCIÓN E GUIÓN: Simone Saibene

FOTOGRAFÍA: Jairo Iglesias

Con Carmen Méndez, Isabel Risco,
Xoel Yáñez, Alfonso Míguez, Ruth Sabucedo

MÚSICA: Daniel Minimalia, Ruxe Ruxe, MCarballo,
O Sonoro Maxín, Elena Domínguez, Miguel Álvarez

SON EN DIRECTO E POSPRODUCCIÓN: Amaro Rúa Lago

MONTAXE: Jairo Iglesias, Simone Saibene

PRODUCCIÓN: Noveolas Producciones. / DISTRIBUCIÓN: Noveolas Producciones

XÉNERO: Documental-ficción / IDIOMA: Galego / DURACIÓN: 74' / ANO: 2016.

CO APOIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO - ÁREA DE CULTURA - E A COLABORACIÓN
DA FUNDACIÓN VICENTE RISCO E DA FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO



Gañou o premio a “Mellor Documental” no XXI Avanca Film Festival (Portugal). Tamén foi finalista na categoría “Mellor documental” aos Premios Mestre Mateo 2017, representou a Galicia no espazo CinéFil do Festival Interceltique de L’Orient (Francia) 2016, participou no Festival de Cornouaille (Francia), no 14º Independent International Film Festival de Daca (Bangladesh), na última edición do Festival Internacional de Cine de Ourense, e na VI edición do Primavera do Cine de Vigo.

OBXECTIVOS DO PROXECTO

- 
- Aproximar os estudantes ás figuras e ideario dos homes da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos e completar de maneira lúdica e interactiva, os contidos formais do currículo das materias de Lingua Galega e Literatura, Historia, Xeografía e Arte.
 - Dar a coñecer a viaxe que Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Fernández-Oxea fixeron de Ourense a Santo André de Teixido no ano 1927 e a publicación do libro de viaxes en 1929.
 - Lograr que as alumnas e alumnos de Galicia coñezan a súa realidade máis inmediata, e valoren e descubran o riquísimo patrimonio cultural e/ou inmaterial que nos rodea.
 - Favorecer o desenvolvemento crítico dos estudantes que, asumindo o ideario dos homes da Xeración Nós, deben participar conscientemente na descuberta dun país e dunha cultura.
 - Dar a coñecer o punto de vista dun italiano de nacemento namorado de Galicia, que elixiu o noso país para vivir e desenvolver o súa profesión artística.

A QUEN VAI DIRIXIDA A PROPOSTA

ALUMNADO E PROFESORADO DE 1º OU 2º BACHALERATO PERO TAMÉN PARA OS ALUMNOS DE ESO, pois é neste nivel onde traballan temas relacionados co proxecto: en literatura a Xeración Nós e o Seminario de Estudos Galegos, en Historia a República...

Trátase dun **proxecto multidisciplinario** que pretende implicar docentes de diversas maneiras e fomentar o traballo por proxectos nos centros implicados.

Despois da actividade cineliteraria, os grupos participantes poderán elaborar materiais centrados nos elementos que, estando próximos ao seu lugar de residencia, teñan algún interese para o resto da poboación galega e española. Poderán realizarse vídeos/fotografías ou debuxos que amosen espazos, traballos monográficos sobre algún elemento patrimonial, material: cruceiro, pazo, igrexa ou inmaterial (espazo natural, lendas populares etc.).



Otero Pedrayo diante do mapa de Galicia de Domingo Fontán

DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

1.- Dependendo do tempo do que dispoñan, os escolares asistirán á proxección da película ou á visión de 2/3 bloques de 10 minutos desta.

Os participantes asistirán a unha charla do director e guionista do filme para familiarizarse aínda máis coa historia, coa viaxe dos escritores e coas páxinas de “Pelerinaxes I” que se refiren ao lugar máis próximo por onde pasou o camiño. Durante a conferencia-coloquio, haberá tamén unha proxección de material fotográfico relacionado coa rodaxe do filme, o director falará tamén da súa relación coa cultural galega como italiano de nacemento e contará anéctotas da rodaxe. Para facer a charla aínda máis dinámica o director estará en calquera momento á disposición para contestar a calquera curiosidade do alumnado e do profesorado.

2.- Pode contemplarse a posibilidade de que outros membros do equipo ou especialistas na vida e na obra de Ramón Otero Pedrayo visiten os centros xunto co director do filme.

3.- Dependendo do tempo, o director poderá falar tamén da rodaxe da súa película anterior *9 ondas*, gravada entre Galicia e Portugal, nas provincias de Ourense e Pontevedra. Tráiler de *9 ondas*: <https://www.youtube.com/watch?v=tpHW9PhA43I>

CADA ACTO PODÉSE AXUSTAR ÁS ESIXENCIAS DO PROFESORADO OU DO ALUMNADO, ASÍ COMO O ENFOQUE TEMÁTICO. A PROPOSTA INCLÚE OS GASTOS DE DESPRAZAMENTO EN CALQUERA ZONA DE GALICIA.



SIMONE SAIBENE

Director, guionista e
produtor

Naceu en Italia en 1977. Non ten antepasados galegos pero a partir dunha viaxe que fixo hai máis de 20 anos namorouse de Galicia e do seu patrimonio cultural. Licenciouse con matrícula de honra na *Universidade IULM de Milán*, cunha tese titulada *Para unha xeografía do cine*. A rexionalización do cine español: o caso de Galicia. Dende o 2006 ata o 2010 traballou como programador e redactor de publicacións no *Centro Cultural San Fedele de Milán*. Docente e coordinador de ciclos de cine, xornalista e crítico audiovisual, colabora e colaborou con varios medios e institucións, entre outros, o Instituto Cervantes de Milán, o CGAI da Coruña, a Esap de Porto, a Universidade de Vigo e Onda Cero Ourense. Formou parte do xurado en varios festivais internacionais. No 2009 deixou o seu traballo en Milán para mudarse definitivamente a Galicia. Agora vive en Ourense onde creou a súa propia produtora *Noveolas Producciones S.L.* Entre os seus traballos lembramos *Regreso a San Andrés* (2007), *9 ondas* (2013), *Kuti Khanti* (2014), *Pelerinaxes* (2016) e a distribución do filme *Frankenstein-04155* (2015) de Aitor Rei.

PROXECTO
EDUCATIVO

PELERINAXES

CINELITERARIO

San Andrés
de Teixido

Isugo

Ourense

INFORMACIÓN E CONTACTO

NOVEOLAS PRODUCCIONES S.L.

+34 66 20 12 994

noveolasproducciones@gmail.com

www.facebook.com/noveolas

www.twitter.com/noveolas

